1.- Segundo o que establece o artigo 161 da Constitución Española, o Goberno poderá impugnar ante o Tribunal Constitucional as disposicións e resolucións adoptadas polos órganos das Comunidades Autónomas. Cales son os efectos desa impugnación?:

a) Producirá a suspensión da disposición ou resolución impugnada, pero o Tribunal, de ser o caso, deberá ratificala ou levantala nun prazo non superior a seis meses

b) Non producirá a suspensión da disposición ou resolución impugnada en ningún caso

c) Producirá a suspensión da disposición ou resolución impugnada, se así o solicita o Goberno, pero o Tribunal, de ser o caso, deberá ratificala ou levantala nun prazo non superior a seis meses

d) Producirá a suspensión da disposición ou resolución impugnada, pero o Tribunal, de ser o caso, deberá ratificala ou levantala nun prazo non superior a cinco meses

2.- Segundo o que establece o artigo 150 da Constitución Española, o Estado poderá dictar leis que establezan os principios necesarios para harmonizar as disposicións normativas das Comunidades Autónomas, aínda no caso de materias atribuidas á competencia destas, cando así o esixa o interese xeral. A quen lle corresponde a apreciación desta necesidade?:

a) Ás Cortes Xerais, por maioría dos dous terzos de cada Cámara

b) Ás Cortes Xerais, por maioría absoluta de cada Cámara

c) Ao Senado, por maioría dos dous terzos da Cámara

d) Ao Congreso dos Deputados, por maioría dos dous terzos da Cámara

3.- A quen lle corresponde a defensa do ordenamento constitucional, segundo o establecido no artigo 8 da Constitución Española?

a) Ao Tribunal Constitucional

b) Ao Defensor do Pobo

c) Ao Goberno do Estado

d) Ás Forzas Armadas

4.- De acordo co que establece o artigo 117 da Constitución Española, cal é a base da organización e funcionamento dos Tribunais?

a) O principio de separación de poderes

b) O principio de unidade xurisdicional

c) O principio de independencia xudicial

d) O principio de imparcialidade xudicial

5.- De acordo co establecido no artigo 139 da Constitución Española, sinale a resposta correcta en relación cos dereitos e obrigas dos españois:

a) Todos os españois teñen os mesmos dereitos e obrigas en calquera parte do territorio nacional

b) Todos os españois teñen os mesmos dereitos e obrigas en calquera parte do territorio nacional, agás no que respecta ó dereito de sufraxio

c) Todos os españois teñen os mesmos dereitos e obrigas en calquera parte do territorio nacional, agás no que respecta ás obrigas tributarias

d) Todos os españois teñen os mesmos dereitos e obrigas en calquera parte do territorio nacional, agás no que se refire á obriga de coñecer a correspondente língua cooficial.

6.- Sinale a resposta correcta en relación coa delegación lexislativa, de acordo co disposto no artigo 82 da Constitución Española:

a) Deberá outorgarse mediante unha lei de bases cando se trate de refundir varios textos legais en un só

b) A delegación lexislativa deberá outorgarse ao Goberno por tempo indeterminado e para materia concreta

c) Non se poderá permitir a subdelegación a autoridades distintas do propio Goberno

d) As disposicións do Goberno que conteñan lexislación delegada recibirán o título de Decretos-Leis

7.- A teor do artigo 21 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, o goberno en funcións non poderá:

a) Presentar proxectos de lei ao Congreso dos Deputados ou no seu caso ao Senado

b) Aprobar Decretos-Lei

c) Declarar os estados de alarma e excepción

d) Propoñer ao Congreso dos Deputados a declaración do estado de sitio

8.- Segundo o artigo 3 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de Organización e Funcionamento da Administración Xeral do Estado, cal dos seguintes non é un principio de organización da Administración Xeral do Estado?:

a) Descentralización territorial

b) Descentralización funcional

c) Coordinación

d) Simplicidade, claridade e proximidade aos cidadans

9.- De acordo co establecido no artigo 60 da Lei Orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, sinale a resposta correcta en relación cos conflictos de competencia que opoñan ao Estado cunha Comunidade Autónoma:

a) Unicamente poderán ser instados polo Goberno ou polos órganos colexiados executivos das Comunidades Autónomas

b) Poderán ser instados polas persoas físicas ou xurídicas interesadas

c) Poderán ser instados polas Asambleas Lexislativas Autonómicas

d) Poderán ser instados polas Cortes Xerais

10.- A teor do artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, cal dos seguintes servizos deberán prestar por sí ou asociados todos os municipios?:

a) Parque público

b) Biblioteca pública

c) Control de alimentos e bebidas

d) Protección civil

11.- Sinale a resposta correcta en relación co Estatuto de Autonomía para Galicia, aprobado pola Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril:

a) Consta de 57 artigos, 4 disposicións adicionais e 7 disposicións transitorias

b) Divídese en 5 títulos máis un preliminar e un preámbulo

c) O capítulo primeiro do título primeiro refírese á Xunta e o seu Presidente

d) O Capítulo II do Título II refírese ás competencias en xeral

12.- Segundo dispón o artigo 47 do Estatuto de Autonomía para Galicia, a Comunidade Autónoma:

a) Mediante acordo do Parlamento poderá emitir débeda pública para financiar gastos de investimentos

b) Mediante acordo do Consello da Xunta poderá emitir débeda pública para financiar gastos de investimentos

c) Mediante acordo do Parlamento poderá emitir débeda pública para financiar gastos de investimentos e de persoal

d) Mediante acordo do Consello da Xunta poderá emitir débeda pública para financiar gastos de investimentos e de persoal

13.- Segundo dispón o artigo 12 do Estatuto de Autonomía para Galicia, o Regulamento do Parlamento de Galicia deberá ser aprobado:

a) Por maioría de tres quintos

b) Por maioría de dous terzos

c) Por maioría absoluta

d) Por maioría simple

14.- De acordo co que establece o artigo 28 do Estatuto de Autonomía para Galicia, en cal das seguintes materias lle corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia de desenvolvemento lexislativo e execución da lexislación do Estado?:

a) Portos pesqueiros

b) Salvamento marítimo

c) Produtos farmacéuticos

d) Promoción do desenvolvemento comunitario

15.- De acordo co que establece o artigo 33 do Estatuto de Autonomía para Galicia, qué tipo de competencia lle corresponde á Comunidade Autónoma Galega en materia de sanidade interior?:

a) De desenvolvemento lexislativo e execución da lexislación básica do Estado

b) De execución da lexislación do estado

c) Competencia exclusiva

d) Competencia plena

16.- Segundo o artigo 35 do Estatuto de Autonomía para Galicia, a Comunidade Autónoma poderá:

a) Establecer acordos de cooperación con outras Comunidades Autónomas, previa comunicación ás Cortes Xerais

b) Establecer acordos de cooperación con outras Comunidades Autónomas, previa autorización das Cortes xerais

c) Establecer acordos de cooperación con outras Comunidades Autónomas, debendo ser comunicados posteriormente ás Cortes Xerais

d) Establecer acordos de cooperación con outras Comunidades Autónomas, debendo ser autorizados posteriormente polas Cortes xerais

17.- De acordo co que establece o artigo 19 da Lei galega 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, sinale a resposta correcta en canto á toma de posesión do Presidente:

a) O Presidente elixido tomará posesión do seu cargo dentro dos cinco días seguintes ao da publicación do seu nomeamento

b) O Presidente elixido tomará posesión do seu cargo dentro dos seis días seguintes ao da publicación do seu nomeamento

c) O Presidente elixido tomará posesión do seu cargo dentro dos dez días seguintes ao da publicación do seu nomeamento

d) O Presidente elixido tomará posesión do seu cargo dentro dos quince días seguintes ao da publicación do seu nomeamento

18.- Segundo o artigo 3 da Lei galega 6/1984, do 6 de xuño, do Valedor do Pobo, sinale a resposta correcta en relación co Valedor do Pobo:

a) O Valedor do Pobo tomará posesión do seu cargo ante a Mesa do Parlamento, dentro dos quince días seguintes á publicación do seu nomeamento

b) O Valedor do Pobo tomará posesión do seu cargo ante o Presidente do Parlamento, dentro dos quince días seguintes á publicación do seu nomeamento

c) O Valedor do Pobo tomará posesión do seu cargo ante a Mesa do Parlamento, dentro dos trinta días seguintes á publicación do seu nomeamento

d) O Valedor do Pobo tomará posesión do seu cargo ante o Presidente do Parlamento, dentro dos trinta días seguintes á publicación do seu nomeamento

19.- De acordo co que dispón o artigo 14 da Lei galega 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización lingüística, sinale a resposta correcta en relación co uso do galego no ensino:

a) Os alumnos poderán ser dispensados do estudo obrigatorio da lígua galega si así o solicitan os seus pais ou titores

b) Ningún alumno poderá ser dispensado do estudo obrigatorio da língua galega, en ningún caso

c) Ningún alumno poderá ser dispensado do estudo obrigatorio da língua galega se tivera cursado sen interrupción os seus estudos en Galicia

d) Ningún alumno poderá ser dispensado do estudo obrigatorio da língua galega se tivera cursado sen interrupción os seus estudos en Galicia, excepto os que teñan orixe extranxeira

20.-De acordo co que establece o artigo 26 da Lei galega 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, cal das seguintes non está entre as funcións do Presidente da Xunta?:

a) Solicitar que se celebre un debate xeral no Parlamento.

b) Solicitar que o Parlamento se reúna en sesión extraordinaria

c) Coordinar o programa lexislativo da Xunta e a elaboración de normas de carácter xeral

d) Crear, modificar e suprimir as Comisións Delegadas da Xunta

21.- De acordo co artigo 7 da Lei galega 12/2006, do 1 de decembro, de Fundacións de interese galego, indique cal é a resposta correcta en relación coas fundacións de interese galego:

a) Deberán estar domiciliadas na Comunidade Autónoma de Galicia as fundacións de interese galego que desenvolvan principalmente as súas actividades dentro do seu territorio

b) Deberán estar domiciliadas na Comunidade Autónoma de Galicia as fundacións de interese galego, aínda que non desenvolvan as súas actividades dentro do seu territorio

c) Deberán estar domiciliadas na Comunidade Autónoma de Galicia as fundacións de interese galego que desenvolvan todas as súas actividades dentro do seu territorio

d) A Lei 12/2006, do 1 de decembro, non establece previsións respecto do domicilio das fundacións de interese galego

22.- Sinale a resposta correcta en relación coa tramitación de urxencia, segundo o que dispón o artigo 50 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo común (en adiante Lei 30/1992):

a) Contra o acordo que declare a aplicación da tramitación de urxencia ao procedemento poderán interpoñer os interesados un recurso de reposición.

b) Supón que os expedientes declarados urxentes gozarán de preferencia na súa tramitación polo órgano administrativo competente

c) Supón a redución á metade dos prazos establecidos para o procedemento ordinario, agás os relativos á presentación de solicitudes e recursos.

d) Supón que o órgano que interveña na tramitación do expediente disporá dun prazo máximo de 5 días hábiles para emitir informes ou realizar trámites

23.- A teor do artigo 79.2 da Lei 30/1992, cando poderán alegar os interesados defectos de tramitación no procedemento administrativo?:

a) Antes do trámite de audiencia

b) Antes da proposta de resolución

c) No período de proba

d) En todo momento

24.- A teor do artigo 58 da Lei 30/1992, cal é o prazo para cursar as notificacións?

a) 10 días contados a partir da data na que o acto foi dictado

b)15 días contados a partir da data na que o acto foi dictado

c) 10 días contados a partir do seguinte á data na que o acto foi dictado

d) 15 días contados a partir do seguinte á data na que o acto foi dictado

25.- De acordo co que establece o artigo 63 da Lei 30/1992, en que casos a realización de actuacións administrativas fóra do tempo establecido para elas implicará a anulabilidade do acto?:

a) En ningún caso

b) Sempre

c) Só cando así o impoña a natureza do término ou prazo

d) Cando así o decida o superior xerárquico

26.- Segundo o que establece o artigo 99 da Lei 30/1992, en cal dos seguintes casos non pode a Administración efectuar a execución forzosa por medio de multas coercitivas?:

a) Actos persoalísimos en que non proceda a compulsión directa sobre a persoa do obligado

b) Actos en que, procedendo a compulsión, a Administración non o estimase conveniente

c) Actos cuxa execución poida o obrigado encargar a outra persoa

d) Actos que por non ser persoalísimos poidan ser realizados por un suxeito distinto do obrigado

27.- Segundo o que establece o artigo 8 da Lei 30/1992, os convenios de colaboración serán comunicados:

a) Ao Congreso dos Deputados

b) Ao Senado

c) Ás Cortes Xerais

d) Ao Tribunal de Contas

28.- Cal das seguintes afirmacións é incorrecta en relación coa delegación de competencias de acordo co artigo 13 da Lei 30/1992?:

a) Requírese que a delegación de competencias teña lugar entre órganos da mesma administración que sexan xerárquicamente dependentes

b) Non poderán delegarse as competencias que se exerzan por delegación, salvo autorización expresa dunha lei

c) Non poderán ser obxecto de delegación as competencias relativas á adopción de disposicións de carácter xeral

d) A delegación será revogable en calquera momento polo órgano que a tivera conferido

29.- De conformidade co previsto no artigo 144 da Lei 30/1992, cando as Administracións Públicas actúen en relacións de dereito privado:

a) Responderán directamente dos danos e perdas causados polo persoal que se atope ao seu servizo

b) Responderán subsidiariamente dos danos e perdas causados polo seu persoal e exercerán frente a eles as accións civís e penais correspondentes

c) A responsabilidade esixirase perante a xurisdición civil

d) Responderán dos danos e perdas causados polo persoal ao seu servizo cando este actúe en virtude dunha orde inmediata e directa do seu superior xerárquico

30.- Segundo o artigo 3 da Lei 3/1985, do 12 de abril, de Patrimonio da Comunidade Autónoma Galega, os inmobles propiedade da Comunidade Autónoma en que se aloxan as súas Institucións e Órganos estatutarios son:

a) Bens patrimoniais

b) Bens de dominio público

c) Bens de titularidade privada

d) Propiedades administrativas especiais

31.- De acordo co que establece o artigo 196 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (en adiante Lei de contratos do sector público), cando o contratista, por causas a el imputables, incorrese en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias:

a) Na proporción de 0,10 euros por cada 1000 euros do prezo do contrato, salvo que no prego de cláusulas administrativas particulares se establezan outras distintas

b) Na proporción de 0,20 euros por cada 1000 euros do prezo do contrato, salvo que no prego de cláusulas administrativas particulares se establezan outras distintas

c) Na proporción de 0,30 euros por cada 1000 euros do prezo do contrato, salvo que no prego de cláusulas administrativas particulares se establezan outras distintas

d) Na proporción de 0,40 euros por cada 1000 euros do prezo do contrato, salvo que no prego de cláusulas administrativas particulares se establezan outras distintas

32.- De acordo co que establece o artigo 79 da Lei de contratos do sector público, a quen lle corresponde fixar os índices mensuais de prezos dos materiais básicos e da enerxía?:

a) Ao Consello de Ministros, a proposta do Ministerio de Economía e Facenda

b) Ao Ministerio de Economía e Facenda, a proposta da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa

c) Á Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, a proposta da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa

d) Á Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, a proposta do Comité Superior de Prezos de Contratos do Estado

33.- De acordo co que establece o artigo 90.3 da Lei de contratos do sector público, no caso de recepción parcial, cando poderá o contratista solicitar a devolución ou cancelación da parte proporcional da garantía?

a) Só cando así se autorice expresamente no prego de clausulas administrativas particulares.

b) Cando así se autorice expresamente no prego de clausulas administrativas particulares e, en todo caso, no contrato de suministros

c) Cando así o autorice a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa

d) Só cando o prezo do contrato sexa inferior a 60.000 euros

34.- Segundo establece o artigo 60 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, cal é o límite máximo dos anticipos de tesourería para cada exercicio?

a) O 1 por cento dos créditos autorizados ao Estado pola Lei de Orzamentos Xerais do Estado

b) O 5 por cento dos créditos autorizados ao Estado pola Lei de Orzamentos Xerais do Estado

c) O 3 por cento dos créditos autorizados ao Estado pola Lei de Orzamentos Xerais do Estado

d) O 10 por cento dos créditos autorizados ao Estado pola Lei de Orzamentos Xerais do Estado

35.- Segundo establece o artigo 65 do Texto Refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro (en adiante Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia) , a quen lle corresponde a competencia para autorizar transferencias de créditos entre programas incluídos en distinto grupo de función, correspondentes a servizos ou organismos autónomos dunha mesma Consellería?.

a) Ao Conselleiro de Economía e Facenda

b) Ao titular da correspondente Consellería

c) Ao Consello da Xunta

d) Ao Parlamento de Galicia mediante lei

36.- Segundo establece o artigo 51 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, os órganos estatutarios da Comunidade Autónoma e as Consellerías remitiranlle á de Economía e Facenda:

a) Os seus orzamentos debidamente documentados e axustados ás normas que lles sexan aplicables e ás directrices establecidas pola Xunta antes do 1 de xullo

b) Os seus orzamentos debidamente documentados e axustados ás normas que lles sexan aplicables e ás directrices establecidas pola Xunta antes do 1 de xuño

c) Os seus estados de gastos debidamente documentados e axustados ás normas que lles sexan aplicables e ás directrices establecidas pola Xunta antes do 1 de xullo

d) Os seus estados de gastos debidamente documentados e axustados ás normas que lles sexan aplicables e ás directrices establecidas pola Xunta antes do 1 de xuño

37.- De cantos títulos se compón a Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia:

a) 7

b) 6

c) 8

d) 5

38.- Segundo establece o artigo 121 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, a Conta Xeral da Comunidade Autónoma deberá ser aprobada:

a) Polo Consello da Xunta

b) Polo Parlamento de Galicia

c) Pola Consellería de Economía e Facenda

d) Polo Consello de Contas

39.- Cal das seguintes non é unha das clases de auditorías ás que fai referencia o artigo 104 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia?:

a) Auditoría financeira

b) Auditoría de cumprimento

c) Auditoría de proxección

d) Auditoría operativa

40.- A qué Consellería quedou adscrito o ente público Instituto para o Control do Medio Mariño de Galicia, en virtude do Decreto 232/2005, de 11 de agosto, polo que se establece a estrutura orgánica dos Departamentos da Xunta de Galicia?

a) Á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

b) Á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos

c) Á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible

d) Á Consellería de Medio Rural

41.- A qué Consellería quedou adscrito o ente público Augas de Galicia en virtude do Decreto 232/2005, de 11 de agosto, polo que se establece a estrutura orgánica dos Departamentos da Xunta de Galicia?

a) Á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

b) Á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos

c) Á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible

d) Á Consellería do Medio Rural

42.- A teor do artigo 15 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público (en adiante Estatuto básico do empregado público), non é un dereito individual de exercicio colectivo dos empregados públicos:

a) A Liberdade sindical

b) A Libre asociación profesional

c) O Dereito de reunión

d) O Exercicio da folga

43.- A teor do artigo 97 do Estatuto básico do empregado público, en relación co réxime disciplinario dos funcionarios, as infraccións leves prescribirán nun prazo de:

a) 1 ano

b) 9 meses

c) 2 anos

d) 6 meses

44.- A teor do artigo 37 do Estatuto básico do empregado público, cales destas materias deben ser obxecto de negociación:

a) Os poderes de dirección e control propios da relación xerárquica

b)A determinación das condicións de traballo do persoal directivo

c) As normas que fixen os criterios e mecanismos xerais en materia de avaliación do desempeño

d) As decisións das Administracións Públicas que afecten ás súas potestades de organización

45.- A teor do artigo 55 da Lei 4/1988, do 26 de maio, de función pública de Galicia (en adiante Lei de función pública de Galicia), cando o funcionario solicita a excedencia por coidado de fillos, durante canto tempo se lle reserva o posto de traballo desempeñado:

a) Cando menos un ano

b) Cando menos dous anos

c) Un máximo de dous anos

d) Un máximo dun ano

46.- A teor do artigo 70 da Lei de función pública de Galicia, en relacion co permiso para asuntos persoais sen xustificación:

a) Poderase dispor de ata 6 días ao ano

b) Terase dereito ao disfrute de dous días adicionais ao cumprir o sexto trienio que se incrementará nun día adicional por cada trienio cumprido a partir do oitavo

c) Terase dereito ao disfrute de dous días adicionais ao cumprir o quinto trienio que se incrementará nun día adicional por cada trienio cumprido a partir do sétimo

d) Terase dereito ao disfrute de dous días adicionais ao cumprir o quinto trienio que se incrementará nun día adicional por cada trienio cumprido a partir do oitavo

47.- A teor do artigo 12 da Lei de función pública de Galicia, cal das seguintes non é unha competencia do Consello da Xunta:

a) Aprobar a oferta de emprego público

b) Aprobar os plans de emprego

c) Aprobar o plan de normalización lingüística da Administración Pública da Comunidade Autónoma

d) Establecer as bases do sistema obxectivo para o fomento da promoción interna de todo o persoal ao servizo da Administración galega

48.- A teor do artigo 9 do IV Convenio Colectivo para o persoal laboral da Xunta de Galicia, nas convocatorias de acceso á condición de persoal laboral fixo reservarase para cubrir por promoción interna:

a) O 25 % das vacantes ofertadas

b) O 50 % das vacantes ofertadas

c) Entre un 25 % e un 50 % das vacantes ofertadas

d) O 20 % das vacantes ofertadas

49.- A teor do artigo 47 do IV Convenio Colectivo para o persoal laboral da Xunta de Galicia, o prazo de formulación da proposta de resolución polo instrutor dun expediente disciplinario será de:

a) 1 mes

b) 15 días

c) 10 días

d) 20 días

50.- Segundo o artigo 214 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea de 25 de marzo de 1957, na súa versión consolidada núm. C 321, o Presidente da Comisión será nomeado:

a) Polo Consello por maioría absoluta

b) Polo Parlamento por maioría absoluta

c) Polo Parlamento, a proposta da Comisión

d) Polo Consello por maioría cualificada

51.- O artigo 249 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea de 25 de marzo de 1957, na súa versión consolidada núm. C 321, dispón que non serán vinculantes:

a) Os reglamentos

b) As directivas

c) As decisións

d) Os ditames

52.- Segundo o artigo 224 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea de 25 de marzo de 1957, na súa versión consolidada núm. C 321, quen designa os membros do Tribunal de Primeira Instancia:

a) O Consello

b) O Tribunal de Xustiza

c) Os Gobernos dos Estados Membros

d) A Comisión

53.- Segundo o artigo 39 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea de 25 de marzo de 1957, na súa versión consolidada núm. C 321, a libre circulación de traballadores dentro da Comunidade Europea implica:

a) O dereito de responder a ofertas efectivas de traballo

b) O dereito de permanecer no territorio dun Estado Membro despois de ter exercido nel un emprego, nas condicións previstas nos regulamentos de aplicación establecidos pola Comisión

c) O dereito dos empregados da Administración Pública a permanecer nun dos Estados Membros co obxecto de exercer nel a súa profesión, nas condicións previstas nos regulamentos de aplicación establecidos pola Comisión

d) As respostas a e b son correctas

54.- O Capítulo II do Título III da Constitución Española denominase:

a) Dos tratados internacionais

b) Da elaboración das leis

c) Das Cámaras

d) Dos dereitos e liberdades

55.- A teor do artigo 22 da Constitución Española, as asociacións:

a) Poderán ser disoltas ou suspendidas nas súas actividades en virtude de resolución xudicial ou administrativas

b) Só poderán ser disoltas ou suspendidas nas súas actividades en virtude de resolución administrativa motivada

c) Só poderán ser disoltas ou suspendidas nas súas actividades en virtude de resolución xudicial motivada

d) Non poderán ser disoltas ou suspendidas nas súas actividades

56.- A teor do artigo 57 da Constitución española, calquera dúbida de feito ou de dereito que ocorra na orde de sucesión á Coroa resolverase:

a) Polo Congreso dos Deputados

b) Polo Senado

c) Polo Presidente do Goberno

d) Por unha lei orgánica

57.- Tendo en conta o disposto no artigo 6 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de Organización e funcionamento da Administración Xeral do Estado, sinale a resposta correcta en relación cos subdirectores xerais:

a) Son órganos directivos e reúnen a condición de alto cargo

b) Non son órganos directivos e, polo tanto, non reúnen a condición de alto cargo

c) Son órganos directivos pero non reúnen a condición de alto cargo

d) Son órganos superiores e, polo tanto, reúnen a condición de alto cargo

58.- A teor do artigo 73 da Constitución Española, o Congreso e o Senado poderán reunirse en sesións extraordinarias por petición:

a) Do Goberno

b) Da Deputación Permanente

c) Da maioría simple dos membros de calquera das Cámaras

d) As respostas a) e b) son correctas

59.- De acordo co que establece o artigo 33 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do réxime local, cal das seguintes atribucións lle corresponde ao Pleno da Deputación Provincial?

a) aprobar a oferta de emprego público

b) o control e fiscalización dos órganos de goberno

c) o desenvolvemento da xestión económica, de acordo co orzamento aprobado

d) a adquisición de bens e dereitos cando o seu valor supere o 5 % dos recursos ordinarios do Orzamento

60.- Segundo dispón o artigo 23 do Estatuto de Autonomía para Galicia, o Presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia:

a) Será nomeado polo Presidente da Xunta, a proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial

b) Será nomeado polo Rei, a proposta do Presidente da Xunta

c) Será nomeado polo Presidente da Xunta, a proposta do Parlamento de Galicia

d) Será nomeado polo Rei, a proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial

61.- De acordo co que establece o artigo 83 da Lei 30/1992, o prazo para emitir informes, salvo que unha disposición ou o cumprimento do resto dos prazos do procedemento permita ou esixa outro prazo menor ou maior, será de:

a) 1 mes

b) 15 días

c) 10 días

d) 20 días

62.- De acordo co que establece o artigo 115 da Lei 30/1992, cal é o prazo para ditar e notificar a resolución do recurso de alzada?

a) 1 mes

b) 2 meses

c) 3 meses

d) 30 días

63.- De acordo co que establece o artigo 102.2 da Lei 30/1992, as Administracións Públicas poderán declarar a nulidade das disposicións administrativas:

a) Nos supostos previstos no artigo 62.1 desta lei

b) De oficio ou por solicitude do interesado

c) De oficio

d) Sen necesidade de ditame favorable do Consello de Estado

64.- De acordo co que establece no artigo 142 da Lei 30/1992, os procedementos de responsabilidade patrimonial:

a) Iniciaranse sempre de oficio mediante acordo motivado do órgano competente

b) Iniciaranse de oficio ou por reclamación dos interesados

c) A resolución dos procedementos de responsabilidade patrimonial é recurrible en alzada

d) Resolveraos a unidade administrativa competente por razón da materia

65.- De conformidade co disposto no artigo 109 da Lei de contratos do sector público, no que respecta ao contrato de obras, cando deberán os órganos de contratación solicitar un informe das correspondentes oficinas ou unidades de supervisión dos proxectos?

a) Despois da aprobación do proxecto, cando a contía do contrato de obras sexa igual ou superior a 350000 euros

b) Despois da aprobación do proxecto, cando a contía do contrato de obras sexa igual ou superior a 300000 euros

c) Antes da aprobación do proxecto, cando a contía do contrato de obras sexa igual ou superior a 300000 euros

d) Antes da aprobación do proxecto, cando a contía do contrato de obras sexa igual ou superior a 350000 euros

66.- De conformidade co disposto no artigo 122 da Lei de contratos do sector público, sen prexuízo do disposto no artigo 190 da citada lei en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, son contratos menores:

a) Os contratos de importe inferior a 30000 euros, cando se trate de contratos de obras ou a 12000 euros cando se trate de outros contratos

b) Os contratos de obras, subministracións e servizos de importe inferior a 50000 euros

c) Os contratos de importe inferior a 50000 euros cando se trate de contratos de obras ou a 18000 euros cando se trate de outros contratos

d) Os contratos de obras de importe inferior a 30000 euros e os de servizos de importe inferior a 18000 euros

67.- Segundo establece o artigo 43 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, a qué nivel se especificarán no orzamento do Estado os créditos destinados a gastos correntes en bens e servizos?

a) A nivel de concepto

b) A nivel de artigo

c) A nivel de capítulo

d) A nivel de subconcepto

68.- A teor do artigo 74 da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, a ordenación xeral de pagamentos da Comunidade Autónoma correspóndelle:

a) Ao Consello de Contas

b) Ao Director Xeral de Orzamentos

c) Á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

d) Ao Conselleiro de Economía e Facenda

69.- A teor do artigo 68 da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, as transferencias de créditos de calquera clase:

a) Poderán afectar aos créditos ampliables pero non aos extraordinarios concedidos durante o exercicio

b) Non afectarán aos créditos ampliables pero sí aos extraordinarios concedidos durante o exercicio

c) Non afectarán aos créditos ampliables nin aos extraordinarios concedidos durante o exercicio

d) Poderán minorarse os créditos incorporados como consecuencia dos remanenetes de exercicios anteriores

70.- Segundo o artigo 26 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea de 25 de marzo de 1957, na súa versión consolidada núm. C 321, qué órgano fixará os dereitos do arancel aduaneiro común?

a) A Comisión, previo ditame conforme do Parlamento

b) O Consello por maioría cualificada e a proposta da Comisión

c) O Banco Central Europeo, previa consulta ao Comité Económico e Social

d) O Consello por unanimidade

71.- Segundo o artigo 11 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea de 25 de marzo de 1957, na súa versión consolidada núm. C 321, a cooperación reforzada que poderán establecer os Estados membros entre sí deberá autorizarse por:

a) O Consello por maioría cualificada

b) A Comisión por maioría absoluta

c) O Consello por unanimidade

d) A Comisión por unanimidade

72.- Segundo o artigo 19 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas, quedan exceptuadas do réxime de incompatibilidades as seguintes actividades:

a) A participación ocasional en coloquios e programas en calquera medio de comunicación social

b) A colaboración e a asistencia habitual a congresos, seminarios, conferencias ou cursos de carácter profesional

c) O exercicio retribuido do cargo de Presidente de Patronatos de Funcionarios

d) Todas as actividades anteriores quedan exceptuadas

73.- De acordo co disposto no artigo 7 do IV Convenio Colectivo para o persoal laboral da Xunta de Galicia, resoltas as convocatorias de concurso, as consellerías procederán a cesar aos adxudicatarios dos postos convocados nun prazo de:

a) 3 días

b) 8 días

c) 5 días

d) Ningunha das anteriores é correcta

74.- Qué é o Linux?

a) É a marca rexistrada dun sistema operativo para computadoras

b) É a marca rexistrada dun procesador de textos para computadoras

c) É a marca rexistrada dun visualizador de diapositivas para computadoras

d) É a marca rexistrada dunha folla de cálculo para computadoras

75.- Segundo o artigo 13 da Lei Orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de Financiación das Comunidades Autónomas, as Comunidades Autónomas e as Cidades con Estatuto de Autonomía propio participarán nos ingresos do Estado a través:

a) Do Fondo de Compensación Interterritorial

b) Do Fondo Complementario de Compensación Interterritorial

c) Do seu Fondo de Suficiencia

d) Só participarán a través das cantidades que se fixa anualmente na Lei de Orzamentos Xerais do Estado

76.- Segundo o artigo 27 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de Tasas e prezos públicos, os prezos públicos deberán pagarse:

a) Sempre en efectivo

b) Sempre mediante o emprego de efectos timbrados

c) En efectivo ou mediante o emprego de efectos timbrados

d) Mediante efectivo, cheques ou pagarés e transferencia bancaria

77.- A teor do artigo 17 da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, a Marca Galega de Excelencia en Igualdade non se lle concederá a unha empresa sancionada por resolución administrativa por discriminación no emprego ou por unha publicidade sexista:

a) No ano anterior á resolución administrativa

b) Nos dous anos anteriores á solicitude

c) Nos dous anos anteriores á resolución administrativa

d) No ano anterior á solicitude

78.- Segundo o artigo 35 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, cantos delegados de prevención lle corresponderían a unha empresa que teña 800 traballadores?:

a) 4

b) 3

c) 5

d) 2

79.- A teor do artigo 8 do Texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado por Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, cal destes contratos non deberá constar por escrito?:

a) O contrato de relevo

b) O contrato de traballo a domicilio

c) O contrato de duración determinada por un periodo de catro semanas

d) O contrato en prácticas

80.- De conformidade co disposto no artigo 106 do Texto Refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado por Real Decreto Lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, a obriga de cotizar suspenderase durante a situación de:

a) Risco durante o embarazo

b) Maternidade

c) Folga

d) Ningunha das situacións anteriores suspende a obriga de cotizar

PREGUNTAS DE RESERVA

1.- Segundo o artigo 90 do Estatuto Básico de Empregado Público, a suspensión firme de funcións por sanción disciplinaria do funcionario non poderá exceder de:

a) 6 anos

b) 3 anos

c) 1 ano

d) 5 anos

2.- Segundo o artigo 3.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, un dos principios nos que se basea a ordenación do sistema tributario é:

a) Confiscatoriedade

b) Obrigatoriedade

c) Proporcionalidade

d) Xustiza

3.- A teor do artigo 81 da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, o remanente de Tesourería dispoñible poderá afectarse, na súa totalidade ou en parte, unha vez comprobada a súa dispoñibilidade:

a) Ao financiamento do orzamento inicial de gastos e ingresos

b) Unicamente ao financiamento do orzamento inicial de gastos

c) Ao financiamento do orzamento inicial de gastos e ao financiamento de modificacións orzamentarias

d) Unicamente ao financiamento do orzamento inicial de ingresos